



Instrucións importantes se vas realizar unha estancia nunha universidade estranxeira como estudante de intercambio (erasmus ou bilateral)

Estimado/a estudante,

A continuación poderás encontrar unha serie de instrucións co fin de aclararte algunhas xestións que deberás facer durante e despois da túa estancia de intercambio para que esta se desenrole sen problemas. No pé desta páxina atoparás todos os datos de contacto da Oficina de Relacións Internacionais. Ademais, todos os documentos aos que faremos mención a continuación poderás descargarlos en <http://www.udc.es/ori/formularios/>

1. Unha vez chegues o teu destino

Deberás enviar á ORI **por Fax ou correo electrónico, nun prazo de 10 días** despois da chegada á universidade de destino, o **certificado de chegada** asinado e selado pola túa Universidade de Acollida. Unha vez chegue este documento á ORI, tramitarase o pago da primeira parte da túa beca.

Dispoñerás **dun mes dende o inicio de cada semestre** da Universidade de Acollida para facer **cambios no contrato de estudos** (relativos ao semestre correspondente). Para iso, **deberás dirixir a solicitude de modificación directamente ao coordinador académico do teu centro**. Os cambios, no caso de seren autorizados, deberán ser recollidos nos seguintes 2 documentos:

1. Modificación do contrato de estudos (a asinar solo polo estudante e o coordinador da UDC)
2. Folla de cambios (a asinar polo estudante, a universidade de destino e o coordinador da UDC)

No caso de que a lingua que se empregue maioritariamente como lingua de instrución nos estudos que vai realizar na universidade de destino sexa o **portugués** ou o **italiano, ou calquera outro idioma da UE distinto do inglés, francés, alemán**, e en caso de non ter acreditado o nivel destes idiomas antes da túa saída, deberás realizar no país de destino os cursos necesarios para acreditar un nivel **A2 do Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas** (MCERL) ao finalizar a túa estadía.

Durante toda a túa estancia no estranxeiro é importante que che manteñas en contacto coa ORI e co teu coordinador na UDC mediante correo electrónico, polo tanto, é fundamental que revises periodicamente o correo electrónico así como a sección de noticias da páxina web da ORI (<http://www.udc.es/ori>) onde se publicará calquera aviso importante que teñamos que faceres chegar (por exemplo, convocatorias de bolsas).

2. Antes do teu regreso

A Universidade de Acollida deberá asinarte o **certificado de fin de estancia** que atoparás nos anexos do teu convenio financeiro que asínaste antes de iniciar a

CAMPUS DE A CORUÑA

O Lagar
Campus de Elviña
15071 A Coruña
Tel: 34-981-167000 (ext. 1959)
Fax: 34-981-167013
email: outgoing.rrii@udc.es

CAMPUS DE FERROL

Edificio de apoio ao estudo
Campus de Esteiro
15403 Ferrol
Tel: 34 -981-337400 (ext. 3634)
Fax: 34-981-337427
email: riferrol@udc.es



movilidade e na páxina web da ORI. Deberás entregar o orixinal ao teu regreso na ORI.

Consulta tamén coa túa Universidade de Acollida de que xeito enviarán as actas das túas notas á UDC.

3. Ao teu regreso á UDC

Deberás cubrir o **informe de fin de experiencia** dispoñible nos anexos do convenio financeiro que asinaste antes de iniciar a mobilidade, e entregalo na ORI xunto co **orixinal do Certificado de Fin de Estancia**.

No caso de que a lingua que se empregue maioritariamente como lingua de instrución nos estudos que tes realizado na universidade de destino sexa o **portugués** ou o **italiano, ou calquera outro idioma da UE distinto do inglés, francés, alemán**, e en caso de non ter acreditado o nivel destes idiomas antes da túa saída, deberás **acreditar ter realizado un curso dun nivel A2** do *Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas* (MCERL) no país de destino.

Deberás informar á ORI de qué xeito enviarán desde a universidade de destino as actas das túas notas á UDC.

4. Axudas económicas e Bolsas complementarias

Existen bolsas complementarias á axuda proporcionada conxuntamente pola UDC e os fondos europeos. Algunhas destas bolsas, como a do MEC, concédense de forma automática. Para outras, como a da Xunta de Galicia, é necesario facer unha solicitude. Desde a ORI tratarase de dar difusión a estas convocatorias informando por correo electrónico e publicándoas na súa sección de noticias (<http://www.udc.es/ori>). En calquera caso, lembramos que é responsabilidade última do estudante estar pendente das diferentes convocatorias de bolsas para solicitalas.

5. Ampliacións de estadía

Poderás solicitar unha ampliación do teu período de estadía no estranxeiro, sempre que exista unha razón académica. Para iso, deberás enviar a teu coordinador na UDC o formulario de **Solicitude de Ampliación de Estadía** por **correo electrónico** indicando no asunto "Ampliación de Estadía". Salvo casos excepcionais, esta solicitude deberás realizala como mínimo **un mes antes da data prevista de finalización da túa estadía, estipulada no teu convenio financeiro**. Na solicitude deberás especificar o período de ampliación solicitado, a xustificación e a proposta de modificación do contrato de estudo, no seu caso.

6. A qué convocatoria da UDC me podo presentar despois da miña estadía no estranxeiro?

Debes ter en conta que coa nova ordenación académica do Espazo Europeo da Educación Superior (EEES) só hai una convocatoria para cada materia en cada curso



académico. Esta nova situación motivou a desaparición das convocatorias extraordinarias de setembro, decembro e de fin de carreira para as titulacións adaptadas ao EEES. As universidades pertencentes ao Sistema Universitario de Galicia (SUG), permiten que nelas se poida ofrecer unha segunda oportunidade a modo de recuperación, para aquelas materias que non se superen en xaneiro ou xuño, sempre e cando esta se realizase de forma presencial nestas universidades do SUG e non noutras; esta segunda oportunidade dáse no mes de xullo.

- Xa que logo, **se es un estudante dunha titulación adaptada ao EEES** e tes materias do teu contrato de estudos que non superaches na túa universidade de acollida, deberás ter en conta que non poderás presentarte a outro exame desas materias non superadas no mesmo curso académico na UDC, habida conta de que nas titulacións mencionadas só existe una convocatoria anual, que remataches, en función do carácter de cada materia, no primeiro ou no segundo cuatrimestre.

Se na matrícula que realizaches hai materias sinaladas fóra do contrato de mobilidade, é dicir para render exame delas de forma presencial na UDC, poderaste presentar á convocatoria que lle corresponda a esas materias: 1º cuatrimestre, 2º cuatrimestre, ou anual; porén no caso de non superar o exame que corresponda, ou no seu caso non terte presentado a el, poderás acudir á 2ª oportunidade de exame que se che ofrecerá na mencionada oportunidade do mes de xullo.

- **Se es un estudante de titulacións non adaptadas ao EEES**, e tes materias do teu contrato de estudos non aprobadas na túa Universidade de Acollida, podes examinarte na UDC na seguinte convocatoria a aquela que fixeras na Universidade estranxeira. Se fixeches os exames de xuño na Universidade de acollida poderaste examinar na **convocatoria extraordinaria de setembro**. Neste caso, deberás presentar unha solicitude na ORI e xustificar con certificación oficial os teus suspensos ou non presentados. Ademais deberás informar á Secretaría do teu Centro na UDC co fin de que sexas incluído nas actas correspondentes. A data límite para ter feito ambos trámites é o 20 de agosto.

7. Dereitos e obrigas para estudantes Erasmus

Os estudantes Erasmus teñen os seus dereitos e obrigas recollidas na Carta do Estudante Erasmus dispoñible en:

http://www.udc.es/ori/inf_estudiantes_UDC/mobilidade_Erasmus/